

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

As Forzas e Corps de Seguridade do Estado xogan un papel fundamental e crucial para garantir a seguridade e a orde pública, e actualmente desenvolven o seu labor en condicións inadecuadas. Nos últimos anos, varios sindicatos policiais e asociacións profesionais de gardas civís manifestaron o seu descontento polo estado das infraestruturas e pola importante falta de material e equipamento indispensable para o desempeño seguro e eficaz das súas funcións.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corps de Seguridade, establece que a responsabilidade de dotarlles dos medios necesarios recae integramente na Administración xeral do Estado, para garantir non só o cumprimento das funcións de seguridade pública, senón tamén a protección da integridade física dos axentes que as desempeñan. Non obstante, as recentes denuncias sobre a situación de precariedade evidencian un posible incumprimento desta normativa, que pon en risco tanto a seguridade dos axentes como dos cidadáns.

En Galicia, como noutras comunidades autónomas, os retos relacionados co aumento da criminalidade e a percepción de inseguridade en certos contextos requiren ferramentas modernas que permitan unha actuación máis eficiente e transparente. Neste contexto, a mellora dos recursos tecnolóxicos das Forzas e Corps de Seguridade contribúe non só a reforzar a súa eficacia na prevención e persecución do crime, senón tamén a garantir a transparencia e a confianza da cidadanía no exercicio das súas funcións.



Así por exemplo a dotación e uso de tecnoloxías avanzadas, como as cámaras individuais audiovisuais, permite documentar de forma obxectiva as actuacións policiais, garantir os dereitos fundamentais e protexer tanto aos axentes como á cidadanía. Estas cámaras permiten documentar intervencións policiais de maneira obxectiva.

Outra das reivindicacións recorrentes neste ámbito profesional ten que ver coa necesidade de facilitar, canto antes, outros materiais necesarios para o exercicio da súa profesión, tales como: chalecos antibalas, esposas de seguridade, cintos de ancoraxe, sprays defensivos, fundas antirrobo para armas curtas, defensas extensibles, dispositivos Táser, etc.. Neste último caso, estas pistolas eléctricas son unha ferramenta útil que pode axudar aos axentes a mellorar a súa actuación, especialmente en manobras de inmovilización, e son menos lesivas que outro tipo de material.

Finalmente, cómpre avanzar na renovación daqueles vehículos de servizo dos distintos organismos e dependencias que o requiran e rehabilitar aquelas instalacións -como comisaría, casas cuartel ou outras dependencias- nas que os integrantes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado desenvolven a súa actividade para que poidan prestar o seu servizo en condicións de calidade, confortabilidade e funcionalidade.

Por isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1º- Aprobe a declaración de profesión de risco e a correspondente xubilación anticipada para os membros da Garda Civil e da Policía Nacional independentemente de que pertencen ao réxime de clases pasivas ou ao réxime xeral.
- 2º- Culmine o proceso de equiparación salarial das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (FCSE) có resto de corpos de Policía Autonómica.
- 3º- Que o goberno proceda á actualización do catálogo de postos de traballo das FCSE ,que está obsoleto e sen revisar dende hai máis dunha década, e proceda a cubrir todas as vacantes e especialidades.
- 4º- Que o Goberno estude a modificación da lexislación vixente para deixar fóra da aplicación do código penal militar, os feitos da Garda Civil que se produzan fóra do ámbito laboral.



- 5º- Cumpra o artigo 14.1 da Lei orgánica 2/1986, dotando ás FCSE dos medios necesarios para garantir tanto o cumprimento das súas funcións de seguridade como a protección da súa integridade física e, en particular:
- a) Proporcione a todos os axentes da FCSE cámaras persoais para garantir a súa seguridade, integridade física, recoller probas e previr abusos.
 - b) Facilite canto antes os materiais necesarios para o exercicio da súa profesión (chalecos antibalas, esposas de seguridade, cintos de ancoraxe, sprays defensivos, fundas antirrobo para armas curtas, defensas extensibles, etc.)
 - c) Realice unha auditoría pública e anual dos recursos materiais asignados á FCSE, co obxectivo de garantir que os recursos non só sexan suficientes e eficaces, senón tamén que estean ben xestionados, cumprindo prazos que non se prolongan no tempo.
 - d) Proporcione dispositivos Táser a todos os axentes de servizo na rúa.
 - e) Rehabilite as instalacións que actualmente se atopan en peores condicións, así como renove aqueles vehículos de servizo dos distintos organismos e dependencias que o requiran.
 - e) Proceder a un novo sistema actualizado de dietas separado do resto dos funcionarios da Administración Xeral do Estado, debido a propia especialidade do traballo que desempeñan, e que supoña un incremento das retribucións en concepto de dietas”.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/04/2025 16:41:49

Jesús María Fernández Rosende na data 09/04/2025 16:42:11

Paula Prado del Río na data 09/04/2025 16:42:22



Julio García Comesaña na data 09/04/2025 16:42:39

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/04/2025 16:42:56

Argimiro Marnotes Fernández na data 09/04/2025 16:43:10

Paula Mouzo Mas na data 09/04/2025 16:43:24

Carmen Pomar Tojo na data 09/04/2025 16:43:39

María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/04/2025 16:43:55

Katherinie Varela Fernández na data 09/04/2025 16:44:04

